

# Idade Moderna. René Descartes

Historia da Filosofia

# Filosofía moderna. Marco Histórico - Conceptual

## Feudalismo

Sociedade ríxida (nobleza / clero / siervos)  
Economía agraria / trueque → Vida rural  
Guerras constantes  
**Teocentrismo** (a realidade e ser humano se explican a través de Deus)

**Melloras agrarias** = Máis alimento = máis poboación = excendente de man de obra campesiña → Desprazamento ás cidades  
Xorden as **universidades e a burguesía**



Idade Media  
(476 d.C - )  
**(teocentrismo)**

Século X - XI  
Xorden as cidades

XV - XVI  
(transición)  
**Fin do feudalismo e da Idade Media**  
**(antropocentrismo)**

Idade Moderna  
(XVII - XVIII)

**Obxecto de estudo: Deus**  
Fe > Razón  
Teoloxía > Filosofía



**s.IX** → Xorde a **escolástica** nas escolas monásticas e catedralicias




**s.XIII**  
Crítica contra a escolástica.  
**Separación filosofía e teoloxía**  
Non ao poder político da igrexa



# Filosofía moderna. Marco Histórico - Conceptual

## • Fin do feudalismo

- O **dramático descenso demográfico** experimentado pola peste negra (+1/3 da poboación europea) permitiu aos campesinado esixir **mellores condicións de traballo**:
  - Mellores salarios
  - Mellores condicións de traballo
  - Liberdade
- **Inventos e descubrimentos**
- **Incremento do comercio** → Paso da economía do troco a unha monetaria (xa non se paga con bens, senón con cartos)
- **Fortalecemento das monarquías** (poder de financiación de grandes exércitos)




**Debilitamento da nobreza**



# Filosofía moderna. A escolástica renacentista.

- A **escolástica renacentista** (ou *segunda escola* ou *escola de Salamanca*) era un sistema de aprendizaxe ríxido baseado sobre todo na:
  - **Lóxica - deductiva:**
    - Cadeas de **siloxismos** que se achegaban a **precisión matemática**.
    - **Distincións:** Concepto lóxico - metafísico que busca a diferenza entre dúas cousas ou principios- *obxectivamente* (independentemente do punto de vista) ou *conceptualmente* (en función do punto de vista).



# Filosofía moderna. A escolástica renacentista.

- **Dialéctica:**

- **Disputas** (método de ensino universitario). Unha disputa desenvolvíase en varias etapas rigorosas:

- **Cuestión (*Quaestio*):** O mestre ou un estudante avanzado expuña unha pregunta ou un problema específico, a miúdo en forma de dilema (ej: "É a vontade superior ao intelecto?" ou "Existe o Purgatorio?").
- **Argumentos Contrarios (*Obxeccións*):** Un estudante ou "opoñente" presentaba unha serie de argumentos que se opoñían á resposta que se consideraba correcta ou tradicional. Estes argumentos adoitaban basearse en autoridades recoñecidas (a Biblia, Aristóteles, Pais de la Iglesia).
- **Discusión Pública (*Disputatio*):** En presenza do mestre e doutros estudantes, desenvolvíase un debate vivo e oral. O mestre moderaba e outro estudante, o "respondente", defendía a postura oposta ou refutaba as obxeccións, usando a lóxica para analizar os termos, distinguir conceptos e atopar erros nos argumentos do opoñente.
- **Determinación (*Determinatio*):** Días despois (ás veces ao día seguinte), o mestre ofrecía unha conferencia formal ou "determinación". Aquí presentaba a súa propia solución definitiva e sistemática ao problema, explicando a postura correcta e mostrando como os argumentos da parte "perdedora" podían ser resoltos ou matizados mediante distincións lóxicas.
- **Respostas ás Obxeccións (*Responsio ou Ad Respondeo*):** Finalmente, o mestre refutaba formalmente cada unha das obxeccións expostas ao comezo da disputa.

# Filosofía moderna. A escolástica renacentista.

Artes liberais = Trivium + Quadrivium  
Entre 4 - 7 anos (dependendo do alumno)

**Trivium**  
(Artes da palabra / linguaxe)  
Gramática  
Retórica  
Lóxica (razonamento) / Dialéctica (debate)

**Bacharel en Artes**  
(*Baccalaureus Artium*)

**Quadrivium**  
(Artes do número)  
Aritmética  
Xeometría  
Astronomía  
Música



**Mestre en Artes**  
(*Magister Artium*)

**Especialización**  
Exclusiva para os *Mestres en artes*  
5 - 10 anos  
Teoloxía  
Dereito  
Medicina

**Doctor / Magister +  
especialización**


# Filosofía moderna. Renovación escolástica. Francisco Suárez.

- **Francisco Suárez** (Granada, 1548 - 1627, Lisboa) foi un teólogo xesuita español cuxa obra máis importante son as **Disputacións metafísicas**, nas que sistemáticamente estuda diferentes problemas filosóficos da escolástica da época **influíndo** en pensadores como **Spinoza, Descartes, Hume ou Schopenhauer**. **Creador del Suarismo** (corrente similar ao *tomismo* aínda que con diferencias).
- Agora a **metafísica é o estudo do *ser real* (*ens reale*)**.




# Filosofía moderna. Francisco Suárez.

- Separa a metafísica da física e da teoloxía sendo a **razón** (mediante o método deductivo) o **medio adecuado para obter o coñecemento metafísico a través da experiencia sensible** (herencia escolástica de Aristóteles).
- Defende que a **razón** era **axeitada para acadar verdades necesarias e universais** (a través da abstracción) e non só a fe.
- Suárez ofrecerá un **punto de partida / ruptura** a racionalistas como **Descartes e Leibniz**.
- Pese aos intentos de renovación, a escolástica era un sistema decadente propio dunha época cuxa filosofía xa non existía, pero para o que **todavía non existía un substituto**. Este vacío serviu para **reafirmar as voces escépticas da época**.




# Filosofía moderna.

- Os filósofos modernos non cren, como facían os medievais, que o **saber** nos veña revelado por Deus e abonde cun acto relixioso de Fe para conseguilo, ó contrario, →O saber se **busca contando únicamente coas forzas da súa propia razón.**
- Pero antes de poñerse a investigar será necesario averiguar **que pode coñecer o ser humano facendo uso da razón.**
- En consecuencia, na modernidade a parte central da filosofía convertese nunha **teoría do coñecemento**: estudio das posibilidades cognoscitivas da razón humana.



# Filosofía moderna. Revolución científica.

- Para estudar as capacidades do coñecemento humano vanse dirixir a **nova ciencia**, consecuencia da chamada **Revolución científica** (XVI - XVII)
- As figuras máis destacadas son: **Galileo Galilei**, **Johannes Kepler**, **Nicolás Copérnico** e **Isaac Newton**.




# Filosofía moderna. Revolución científica.

A *Revolución científica* se basea en **tres pilares fundamentais**:

## 1: Novo concepto da ciencia


- Debido ao **ideal platónico - pitagórico** da matematización da Naturaleza.
- Isto substituíu o organicismo e teleoloxismo por unha sorte de **mecanicismo** (unha tendencia filosófico - científica que consideraba **o mundo como unha máquina**, particularmente un reloxo como o concibiu Nicolás de Oresme).
- A nova ciencia -o mecanicismo- **reducía a realidade a elementos cuantificables**: cantidade, extensión e movemento, **o que permitía a matematización dos fenómenos**.



# Filosofía moderna. Revolución científica.

## • 2. Substitución da cosmoxía aristotélico - ptolemaica pola Física e a Astronomía modernas Destacan figuras como:


- **Brahe** (as súas observacións astronómicas antes do telescopio produxeron unha enorme cantidade de datos que foron aproveitados polo seu asistente: Johannes Kepler)
- **Copérnico** (teoría heliocéntrica)
- **Kepler** (leis do movemento)
- **Galileo** (mecánica, lei de conservación do movemento, etc.).
- **Newton** (física, matemáticas, óptica)



# Filosofía moderna. Revolución científica.

## 3. Nova metodoloxía científica: O método científico ou hipotético - dedutivo

- **Afastamento do método inductivo** e a xeneralización a través de siloxismos de Aristóteles.
- A **simplicidade da natureza** (principio de economía).
- Orde racional e necesaria formulable en termos matemáticos da natureza. É dicir, **a natureza posúe unha estrutura real intelixible descubrible polas matemáticas**.
- A **razón é mais fiable ca os sentidos**. Os sentidos poden equivocarse, a razón non.
- **Nominalismo e fenomenismo**: Prodúcese o abandono da idea da existencia de esencias universais para concentrarse na descrición e comprensión dos fenómenos. Xa non se pretende coñecer as causas últimas, senón que agora búscase a regularidade dos fenómenos sendo os **fenómenos antecedentes considerados como causas**.



Galileo Galilei  
(1564 - 1642)

# Filosofía moderna. Revolución científica.

- Combinación de **experiencias sensibles con demostraciones matemáticas**.
- A **experiencia é o punto de partida, pero esta experiencia é analizada racionalmente e interpretada matemáticamente**, o que -segundo Galileo- permite unha reconstrución ideal dos datos empíricos.
- Os **experimentos están dirixidos pola razón**, poden ser tanto físicos como mentais (experimentos mentais) e utilizan aparellos de medición.
- Este método será tomado como **método de referencia** para dúas correntes filosóficas opostas:
  - O **empirismo**
  - O **racionalismo**



Francis Bacon  
(1564 - 1642)




René Descartes  
(1596 - 1650)

# Filosofía moderna. Marco Histórico - Conceptual

## Humanismo e antropocentrismo


- O humanismo foi unha corrente intelectual que coloca ao **ser humano e os seus intereses no centro do pensamento** → **antropocentrismo**.
- Isto non quere dicir que Deus vaia desaparecer do debate filosófico.
- O humanismo, ademais, promovía unha volta ao **estudo dos clásicos grecolatinos pero despoxándoos de calquer prisma relixioso**.



# Filosofía moderna. Marco Histórico - Conceptual



## Humanismo e antropocentrismo

- Humanistas como Pico Della Mirandola afirmaban que o **ser humano é o máis libre da natureza** e polo tanto **dono do seu destino** sen mediación de Deus.
- A **felicidade xa non é un premio acadable na outra vida, senón algo acadable no mundo terreal** a través de actividades cotiás.




# Filosofía moderna. Marco Histórico - Conceptual

- O humanismo, ademais, promovía unha volta ao **estudo dos clásicos grecolatinos pero despoxándoos de calquer prisma relixioso.**



# Filosofía moderna. O escepticismo

- A recuperación de tantas filosofías distintas provocou que os intelectuais da época comezasen a perder a esperanza de obter un coñecemento universal e verdadeiro → **escepticismo e individualismo relativista** (a verdade é relativa ao individuo e polo tanto debe guiarse polas súas opinións persoais → *Homo mensura 2.0?*)
- Por outra banda, ao recoñecerse a imposibilidade dun coñecemento universal **favoreceuse a tolerancia** cara outro tipo de ideas científicas / filosóficas.



# Filosofía moderna. O escepticismo

- **Michel de Montaigne** (1533 - 1592) foi un filósofo, escritor e creador do xénero do *ensaio* (etimoloxicamente:intento, proba. Un escrito -normalmente- argumentativo desde o punto de vista do autor).
- Foi un pioneiro do **escepticismo moderno criticando a «soberbia da razón humana»** e adoptando una postura humilde cuxo lema era “*Que sei eu?*”
- Montaigne **non promove unha negación pasiva da verdade** sen máis, senón que avoga pola **dúbida como punto de partida para a reflexión e xuízo crítico.**



PENGUIN CLASSICS

MICHEL DE MONTAIGNE


THE COMPLETE ESSAYS

TRANSLATED BY M. A. SCREECH

# Filosofía moderna. A reforma luterana.



Alberto de Maguncia  
(1490 - 1545)



Jakob Fugger (1459 - 1525)



Basílica de San Pedro (Roma)

# Filosofía moderna. Marco histórico - Conceptual



# Filosofía moderna. A reforma luterana.

- A **reforma relixiosa de Martin Lutero** (1483-1546). Lutero vai **romper coa unidade doutrinal Cristiana**, formáronse dúas faccións enfrontadas: **católicos e luteranos**.
- Inicialmente na **Dieta de Espira (1526)** acadouse un acordo de **tolerancia** con respecto aos luteranos, pero na **homónima de 1529** unha maioría católica impulsada polo emperador Carlos V **intentou revocala**, provocando a **protesta dos príncipes alemáns e outras autoridades** sendo esta a orixe do **protestantismo**.
- Isto trouxo consigo enormes **tensións sociais e inseguridade** que desembocaron nas chamadas **“guerras de relixión”** entre os recén creados estados europ

**"Lutero atacou a coroa do Papa e a panza dos monxes"  
(Erasmus de Rotterdam sobre a reforma luterana).**




Lutero e as 95 tesis de Wittenberg (1517)



Dieta de Espira (1529)

# Filosofía moderna. Marco histórico - Conceptual




# René Descartes (1596 -1640)

- Filósofo **francés**, considerado o **pai da filosofía moderna** e **iniciador do *Racionalismo***.
- Recibe unha **educación escolástica - xesuítica** (influencia de Suárez) na escola de *La Flèche* a cal **non enche as súas ansias de saber e coñecemento**.
- Co afán de ver mundo e satisfacer a súa curiosidade vai **alistarse no exército** (primeiro holandés e -posteriormente-bávaro, de Maximiliano I de Baviera na ***Guerra dos trinta anos***).
- Mentres está no exército ten unha serie de **soños** que -según el- lle van a inducir a idea da **necesidade dunha nova ciencia**.




# René Descartes (1596 -1640)

- Considera **o saber da época caótico e pouco certo** polo que se propón crear reestructurar o coñecemento humano (máis tarde reducirá as expectativas ao seu coñecemento propio) **nunha soa** (xa que a razón humana e única) **ciencia absolutamente veraz**.
- Se só, existe unha ciencia, tamén só existe un **método universal** para **todas as ciencias** incluídas nesa nova ciencia. Descartes se opón á filosofía aristotélica (Aristóteles consideraba que cada ciencia tiña seu propio método específico → a bioloxía e a matemática -por exemplo- non podían investigarse do mesmo modo).



# René Descartes (1596 -1640)

- Tamén **rexeita o escepticismo** de autores como Montaigne. Con tal motivo esa nova ciencia debe ser **universal**. A filosofía de Descartes vai combatir máis ao escepticismo ca escolástica.
- Conclúe que a filosofía se está quedando atrás con respecto a outras disciplinas que usan as matemáticas como saber instrumental. Polo tanto esta nova ciencia deberá ser edificada a **través das matemáticas** e sobre a **base da metafísica** (a primeira ciencia de todas) o que se coñece como o **Proxecto cartesiano**.



# René Descartes (1596 -1640)


- Con tal motivo, e no seu primeiro intento de fusionar as ciencias nunha soa crea a **xeometría analítica**, integrando **xeometría e álgebra** (daquela disciplinas separadas) mediante as famosas **coordenadas cartesianas**.



Aplicación das matemáticas a todo o espacial




O único atributo do mundo físico é a **extensión** e, polo tanto, a súa **sustancia** (*res extensa*)



# René Descartes (1596 -1640)

- As súas **obras** máis destacadas son:
  - ***Meditacións metafísicas*** (na que expón boa parte da súa concepción sobre o coñecemento e a súa fundamentación)
  - ***Discurso do Método*** (no que brevemente expón o método *cartesiano*. Non é un tratado sistemático, senón unha exposición do seu método).
  - ***Tratado do mundo*** (aunque decidiu non publicarlo debido á condena de Galileo en Roma)
  - ***Tratado do home***
  - ***As paixóns da alma***
  - ***Principios da filosofía.***



René Descartes (1596 -1640)

**O método científico e a  
evidencia do *cogito*.**

# René Descartes. O método científico.

- Para **combater ao escepticismo**, Descartes propón un **coñecemento** e -por ende una ciencia- que se basee en **evidencias absolutas**.
- En consecuencia vai buscar un saber instrumental que permita unha **certeza absoluta** e, ao mesmo tempo, **o progreso** desa nova ciencia universal. Ese saber son as **matemáticas**.
- En consecuencia, o **proxecto cartesiano** consistirá en trasladar o rigor e precisión das matemáticas á filosofía e á ética. É dicir, o propósito de Descartes é **construír unha filosofía matemática**.

# René Descartes. O método científico.

- As matemáticas **deducen** teoremas (sí precisan demostración) de axiomas (principios indubidables que non precisan demostración) ou **principios evidentes , coñecidos por medio da razón con total independencia da experiencia** (coñecemento que ofrecen os sentidos). A esta operación Descartes chámalle **intuición**. Evidencia  $\neq$  Probabilidade ou verosimilitud. Evidencia = 100% verdade.
- Polo tanto, a **intuición e a dedución** serían as **operacións fundamentais da razón cando está a actuar no coñecemento matemático**. En consecuencia, o método da filosofía terá que modelarse de acordo con estas dúas operacións cognitivas fundamentais.

# René Descartes. O método científico.

- É así como Descartes formula **catro regras para o método filosófico**:
  - **Regra da evidencia**. Admitir unicamente como verdadeiro o que se nos presente á razón con total evidencia → **intuición**.
  - **Regra da análise**. Dividir os problemas ou dificultades que se examinen en tantas partes sexa posible, ata chegar **ós elementos máis simples (ideas claras e distintas)**.
  - **Regra da síntese**. Proceso inverso ó anterior. Consiste en conducir ordenadamente os pensamentos, empezando polos elementos máis simples, para ir ascendendo gradualmente ata o coñecemento dos máis complexos. Este é o momento da **dedución**.
  - **Regra da proba**. Facer frecuentes revisións e comprobacións dos dous momentos anteriores para estar seguros de non ter omitido nada.

# René Descartes. O método científico.

*Razón humana*



*Regra da evidencia.  
Regra da análise  
Regra da síntese  
Regra da proba*

=

*Verdade*

Método



# René Descartes. O método científico.

Si a razão é a mesma para todos os seres humanos



Posibilidade de usar o método em todas as ciencias



Posibilidade de unificar todas as ciencias




Nova ciencia:  
Sabedoria humana



# René Descartes. O método científico.

- Raíces: **Metafísica**: Contén os **principios do coñecemento**. Estes principios deben ser **evidentes** e obtidos por **intuición**. Unha vez atopados estes principios a razón deduce o resto das ciencias de xeito certero aplicando as regras do método.
- Tronco: **Física** → Examina como está composto o Universo en conxunto
- Ramas: As demais ciencias ue son reducibles a tres: **medicina**, **mecánica** e –a máis elevada- a **moral** (último grado da sabedoría).



# René Descartes. O método científico.

1ª Regra → Regra da evidencia

(Admitir como verdadeiro aquilo que sexa totalmente evidente á razón)




**Como sei eu que é evidente?**



# René Descartes. O método científico.

- Descartes ponse a **dubidar de todo** aquilo sobre o que haxa o máis mínimo indicio de dúbida.
- É dicir a **dúbida será o punto de partida para chegar ao coñecemento verdadeiro**
- Mentres tanto, Descartes propón unha **“suspensión temporal do xuízo”**

“Permanecerei obstinadamente atado a ese pensamento; e se por ese medio, non está no meu poder chegar ao coñecemento dalgunha verdade, **sí poderei suspender o xuízo**”  
(*Meditacións Metafísicas*, Meditación primeira, René Descartes)



Que autor defendía a dúbida como punto de partida para o coñecemento?

# René Descartes. O método científico.

É con respecto á moral? Tamén debemos dubidar?



SÍ e NON. Descartes **non é un escéptico nin un relativista ético estilo sofista.**

Defende que se debe adoptar, mentres dure o proceso de dúbida, unha **moral provisional** coa que seguir orientando a súa conduta na vida cotiá (xa que non podemos parar de vivir cos demais) **ata a creación dunhas normas morais definitivas**

# René Descartes. A dúbida cartesiana.

- Tamén coñecida como **dúbida metódica** ou **hiperbólica**.
- É **metódica** porque forma parte dun método ou procedemento. Á dúbida é un instrumento para chegar á verdade.
- É **universal** xa que Descartes vai dubidar de todo.
- É **hiperbólica** porque vai dubidar de -incluso- o máis evidente

“O primeiro era non aceptar como verdadeira ningunha que non coñecese con evidencia que o era; é dicir, evitar cuidadosamente a precipitación e a prevención, e non incluír nos meus xuízos máis nada que aquilo que se presentase tan clara e distintamente ao meu espírito que non tivese ocasión algunha de **poñelo en dúbida**”

(*Discurso do método*, Segunda parte, Capítulo II, René Descartes)

# René Descartes. A dúvida cartesiana.



Dúvida 3



Dúvida 2


*Certeza*

# René Descartes. A dúbida cartesiana.

- Primeiro dubida dos **sentidos**. Os sentidos nos enganan frecuentemente e non nos podemos fiar deles. **Nunca** poderemos estar **seguros do coñecemento sensible**

“Todo o que recibín ata hoxe como o máis verdadeiro e seguro, tomeino dos sentidos ou polos sentidos; agora ben, ás veces experimentai que eses mesmos **sentidos me enganaban**, e **é prudente non fiarse nunca enteiramente de quenes algunha vez enganáronme**”

*(Meditacións metafísicas, Meditación primeira, René Descartes)*



# René Descartes. A dúvida cartesiana.




Sentidos

Dúvida 3



*Certeza*

Sono /  
Vixilia



# René Descartes. A dúbida cartesiana.

Descartes continúa dubidando. Acepta que os sentidos poden enganarnos, pero **aínda que o percibido pode ser enganoso... polo menos existe? ou non?**



# René Descartes. A dúbida cartesiana.

- Pois non. Descartes afirma que cando soñamos, con frecuencia, **as cousas soñadas poden ser tan reais como as que percibimos no estado de vixilia** (despertos) e, polo tanto, **non podemos estar seguros sobre a existencia real do mundo**, xa que podemos estar soñando e -desde un punto de vista racional, **non podemos estar seguros de si estamos soñando ou despertos.**



“Non obstante, debo considerar que son home e, en consecuencia, que teño costume de durmir e de representarme en soños as mesmas cousas, ou ás veces, menos verosímiles, que esos insensatos cando están en vela [...] **o que me ocorre en soños, non parece nin tan claro nin distinto [...] non hai indicios concluíntes nin probas suficientemente certas polas cuais poida distinguir claramente o estado do sono do de vixilia**”  
(*Meditacións metafísicas*, Meditación primeira, René Descartes).

# René Descartes. A dúbida cartesiana.




**Xenio  
maligno**



*Certeza*

**Sono /  
Vixilia**



# René Descartes. A dúbida cartesiana.

- Descartes sigue dubidando:
  - Os sentidos nos enganan → O coñecemento sensible é falaz.
  - Non podo saber si o mundo existe.

Que coñecemento é independentemente da experiencia e idéntico tanto si soñamos como estamos expertos?

As matemáticas

Pero, realmente son infalibles?

“Pero que a **aritmética, a xeometría e as outras ciencias da natureza** tal que non tratan senón de cousas moi simples e xerais, sen ocuparse moito de si éstas se atopan ou non na natureza, conteñen algo de **certo e indubidable**. Pois, **este eu dormido ou despertó, dous e tres sumarán cinco, e o cadrado non terá máis que catro lados, non parecendo posible que verdades tanostensibles poidan ser sospeitosas de falsedade o incertidume algunha**” (*Meditacións metafísicas*, Meditación primeira, René Descartes).

# René Descartes. A dúbida cartesiana.

- Descartes vai forzar a súa dúbida ao máximo e vai intentar refutar a veracidade das matemáticas.
- Así chega a **dúbida do xenio maligno**, un deus ou ser maligno que fai que a razón humana se equivoque aínda que sexa co pensamento matemático e que non sexamos conscientes do erro.



“Hai tempo que teño no meu espírito una certa opinión segundo a cal hai un **Deus que o pode todo, por quen fun creado e feito tal como son**. Agora ben, quen pode asegurarme que ese Deus non obrou de tal xeito que non existe ningunha **terra, ceo, ningún corpo, ningunha extensión**....[...] puidera ser que **Deus quixera que me equivoque todas as veces que sumo dous e tres, ou cando enumero os lados dun cadrado**[...]. Suporei, entón que hai non un verdadeiro Deus que é soberana fonte de verdade, senón un certo **xenio maligno, non menos pícaro e enganador que poderoso que empregou toda a súa industria en enganarme**”.


(*Meditacións metafísicas*, Meditación primeira, René Descartes).

# René Descartes. A dúvida cartesiana.

- Os sentidos ✘
- A existencia do mundo ✘
- As matemáticas ✘




De que podo estar seguro? , Hai algo do que poida estar seguro?



# René Descartes. A dúbida cartesiana.

- Descartes conclúe que hai algo que está **fóra de toda dúbida**: que **estamos dubidando de todo**.
- E **ese mesmo acto de dubidar implica unha existencia**.



“Mentres quería pensar que todo é falso, era preciso que eu, que o pensaba, fose algo, e observando que esta verdade, **eu penso logo existo**, era **tan sólida e tan certa que nin a máis extravagantes suposicións dos escépticos eran incapaces de derribala**, considerei que podía recibila sen escrúpulo como o **primeiro principio da filosofía que buscaba**”

*(Discurso do método, Cuarta Parte, René Descartes)*

# René Descartes. A dúvida cartesiana.




Sentidos

Xenio  
maligno



*Cogito,  
ergo sum*

Sono /  
Vixilia



# René Descartes. O *cogito*.

- *Cogito* (pensamento, espírito) como **principio indubidable sobre o que poder construír toda a sabedoría humana.**
- A **existencia do pensamento é unha intuición inmediata que ningunha dúbida pode quebrantar.**




“Na segunda (meditación), o espírito que, usando a súa propia liberdade, supón que non existe ningunha cousa de cuxa existencia teña a máis mínima dúbida **recoñece que é absolutamente imposible que, pola contra, el mesmo non exista**”

(*Meditacións Metafísicas*, Prefacio, René Descartes)


# René Descartes. *O cogito.*

- E posto que é a primeira **idea clara e distinta** que atopa tómaa como modelo e medida para a determinación de calquera outro coñecemento.
- **Claridade e distinción son os dous principais atributos dos obxectos que estuda a matemática.** Polo tanto se o método se basea nas matemáticas e a certeza que ofrecen estes dous criterios son imprescindibles.
  - **Claridade:** Algo evidente á mente.
  - **Distinción:** Algo perfectamente distinto a outro obxecto.
    - Exemplo: Un triángulo é algo claro (posúe 3 lados) e distinto (perfectamente diferente a un cadrado).



# René Descartes. O *cogito*.

- En adiante, **todo o que a razón capte con igual claridade e distinción será tamén certo**. Deste xeito establece Descartes o seu criterio de certeza (regra nº 1).
- Xorde así o **idealismo** o cal se enfronta ao tradicional **realismo**.




## Realismo

O mundo existe obxectivamente e independentemente do pensamento humano.  
O coñecemento recae no obxecto (realidade).  
O coñecemento é dependente do obxecto

Xiro  
subxectivista

## Idealismo

O pensamento existe obxectivamente e a existencia do mundo é cuestionable  
O coñecemento recae na idea dos obxectos (realidade)



# René Descartes. *O cogito.*

## CLASES DE IDEALISMO



### EL IDEALISMO ABSOLUTO (HEGEL)

Es una filosofía ontológicamente monista atribuida a Hegel. Idealismo Absoluto es pensar, ser y verdad, todo es parecido con el espíritu. En Hegel este idealismo es expuesto diciendo que todo proviene de la Idea y de su devenir.



### EL IDEALISMO SUBJETIVO (FICHTE)

Sostiene que las ideas sólo existen en la mente del sujeto; que no existe un mundo externo autónomo. Representantes del idealismo subjetivo son: Descartes, Berkeley, Kant, Fichte, Mach, Cassirer y Collingwood

Kant vio en el hombre un valor absoluto, pero para él habría algo más que el hombre, ahora el hombre lo es todo. "El Yo de Fichte es la fuente originaria de todo el ser cósmico". luto. El hombre lo es todo.



### IDEALISMO OBJETIVO. (SCHELLING)

Descubre tras el ser, el espíritu, como auténtico ser y fuente del devenir. Pero siendo este espíritu independiente de nuestro "Yo". Es de esta forma que llegamos al idealismo objetivo, expuesto principalmente por Schelling.




### IDEALISMO TRASCENDENTAL. (KANT)

En el apriorismo de la forma vio Kant el carácter revolucionario de su filosofía. Hasta ahora se admitió que todo nuestro conocimiento tenía que regirse por los objetos; Kant invierte los términos estableciendo que los objetos se han de regir por nuestro conocimiento. Esto es lo que en Kant se conoce como su giro copernicano.

SEBASTIAN CUERVO S.

En desacuerdo con la escuela del idealismo, se opuso con dureza a las ideas de George Wilhelm Friedrich Hegel, que creía en la naturaleza espiritual de toda realidad. En su lugar, aceptaba, con algunas reservas, la teoría de Immanuel Kant según la cual los fenómenos existen sólo en la medida en que la mente los percibe como representaciones.



**La riqueza se parece al agua de mar; cuanto más bebemos, tanto más sedientos nos sentimos.**

Arthur Schopenhauer.

# René Descartes. A existencia do mundo.

- Descartes, aportou unha evidencia absoluta a súa propia existencia mentres está dubidando, pero:
  - Como vai a **explicar un mundo** no que nin sequera pode probar que exista de verdade?
  - Como pode **demostrar que os obxectos do pensamento son reais?**



René Descartes. A existencia do mundo.

Poderías afirmar que vives nun mundo real e non nun soño ou nunha simulación?



# René Descartes. A existencia do mundo.

- Para demostrar a existencia do mundo, o primeiro que vai facer será **definir que é unha idea e os seus tipos de ideas.**

“Entre os meus **pensamentos**, algún sons como as **imaxes das cousas**, e é a estes só aos que convén propiamente o **nome de idea**, como cando me represento un home, ou unha quimera, ou o ceo, ou un anxo ou Deus mesmo. Pois ben, desas ideas, **unhas me parecen nadas conmigo**, **outras alleas e venidas de fóra** e outras feitas e inventadas por min mesmo.”

*(Meditacións metafísicas. Meditación terceira: De Deus que existe, René Descartes)*



Quimera grega

# René Descartes. Tipos de ideas.

- **Adventicias** (estranas ou “extranxeiras”): son as ideas de cousas supostamente **exteriores á nós e adquiridas a través dos sentidos** (experiencia sensorial), os cales, como sabemos, **non son de fiar**.



“[...] todas esas ideas son do xénero daquelas que chamei **extranxeiras, e que veñen de fóra**. [...] Ao contrario, ás veces notei, en moitos casos, que había una gran **diferencia entre o obxecto e a súa idea**. Como, por exemplo, atopo no meu espírito dúas ideas do sol ben distintas: una toma a súa orixe dos sentidos e debe ser situada no tipo de **aquelas que veñen de fóra**, en virtude da cal **me parece extremadamente pequeno**, a outra é tomada das **razóns das astronomía**, e dicir, de **certas nocións nadas conmigo**, ou **elaboradas por min da forma que fora**, pola cal me parece **moitas veces máis grande ca Terra enteira**. Certamente, estas dúas ideas que concibo do sol non poden ser ambas semellantes ao sol mesmo; e a razón me leva a creer que **aquela que ven inmediatamente da súa aparencia é a que parece máis disímil**”


(*Meditacións metafísicas*. Meditación terceira, René Descartes)

# René Descartes. Tipos de ideas.

- **Ficticias** : son as que inventa libre e arbitrariamente o imaxinación combinandoas ideas adventicias (por ex: muller + peixe / paxaro = “serea”). Son *ficcións da mente* e, polo tanto, **non son fiables**.
- Tamén lles chama *facticias* (do latín *facere* = facer) por que as “fabrica” a mente.

“Todas as ideas que hai en min antóxanseme que poden reducirse a tres clases: unhas son adventicias, é dicir, que parecen provir da experiencia externa, como a idea que teño agora dun certo son, ou a que teño do sol, ou desta calor; **outras son facticias, e formadas ou inventadas por min mesmo, como a idea das sereas, dos hipogrifos e cousas semellantes**; outras, en fin, son innatas, ou producidas pola propia facultade de pensar, como a idea de Deus, da alma, de substancia, etc.”

(*Principios da filosofía*, Parte I, artigo IV, René Descartes)



# René Descartes. Tipos de ideas.

## Innatas

- Ideas que están na mente humana e que non proceden nin dos sentidos nin da imaxinación (por exemplo: as ideas de “pensamento”, “existencia” (implícitas no *cogito ergo sum*) “alma”, “substancia”, “Deus”, etc. Outras ideas innatas serían certas nocións como “da nada non pode proceder nada”).
- Estas ideas son **implantadas pola natureza (Deus)**.
- Descartes non di que estas ideas estean presentes na mente humana desde o principio, senón que **se producen polas propias potencialidades da mente**, sen necesidade da experiencia.
- Todas as ideas **claras e distintas** son **innatas** e a partir destas pódese **construir (mediante dedución) a metafísica e a física**. Son o **xerme do concepto de *a priori* de Kant**.



Immanuel Kant

“Poremos aparte, sen dificultade, todos os prexuízos dos sentidos e confiaremos no noso só **entendemento** para reflexionar coidadosamente sobre as **ideas implantadas neste pola natureza**” (*Principios da filosofía*, René Descartes)

# René Descartes. Tipos de ideas.

- Ideas ficticias ✘
- Ideas adventicias ✘
- Ideas Innatas  ?



Deus



# René Descartes. Existencia de Deus.

Pero, **por que Deus?**

- Porque **Deus é perfecto e bondadoso** e, como creador noso, **non nos ía crear para que estivésemos enganados sempre.**



# René Descartes. Existencia de Deus.

- Pero como chega Descartes á idea de Deus?
  - A través da idea de **infinito** e da **causalidade** (todo ten que ter unha causa).
  - Descartes afirma que somos seres finitos. Posuímos a idea de finitude e infinitude. Pero **a causa da idea de infinitude non é a finitude, senón ao revés**. Concebimos a **finitude como negación da infinitude** (idea innata).



# René Descartes. Existencia de Deus.

1. A **infinitude é unha idea innata** (posta na nosa mente pola natureza / Deus).
2. Si un ser finito coma min posúe a idea de infinito é porque unha **substancia infinita a puxo en min.**
3. A **única substancia infinita que concibo é Deus**, polo tanto só **Deus puxo en min a idea de infinito** e -consecuentemente- **Deus existe.**

“Polo nome de **Deus entendo unha substancia infinita**, eterna, inmutable, independente, omnipotente e omnisciente, pola cal eu mesmo e todas as cousas que son (si acaso é verdade que existen fomos creados e producidos. [...]) E polo tanto, necesariamente **hai que concluir que Deus existe**; pois **aínda que a idea da substancia estea en min**, pois eu mesmo son unha substancia (*res cogitans*), **non podería ter idea dunha substancia infinita, eu que son un ser finito, senón fose posta en min por alguna substancia que de verdade fose infiita**” (*Meditacións metafísicas, Meditación terceira, René Descartes*)”

# René Descartes. Existencia de Deus.

Descartes apunta **que Deus necesariamente debe ser unha idea innata** xa que:

- a) Non pode ser adventicia, xa que **non posuímos experiencia de Deus.**
- b) Non pode ser ficticia xa que **-segundo Descartes- a idea de infinitude non deriva da de finitude.**

# René Descartes. Existencia de Deus.

- Descartes xa **demostrou que Deus existe na súa mente**, pero iso non quere dicir que fóra tamén.
- Agora tócallle demostrar que Deus non é unha mera idea, senón que é unha realidade extramental.



# René Descartes. Existencia de Deus.

- **Argumento da continxencia (quen me creou?):**
  - O propio feito de dúbida permite concluír que o **ser humano é finito e imperfecto**. Pero por que son así?, Quen me creou?
  - **Se me crease a min mesmo atribuírame as perfeccións que concibo e que están contidas na idea de Deus.**
  - Polo tanto, é evidente que **non me creei a min mesmo** → Pero entón, quen me creou?
  - **Creoume un ser que posúe as perfeccións cuxa idea eu posúo e ese é Deus** → Deus existe

# René Descartes. Existencia de Deus.

## Argumento ontolóxico de San Anselmo:

- Deus é o ser máis grande e perfecto.
- A idea de Deus concíbese na mente: Anselmo sinala que mesmo os ateos ou os que non cren en Deus poden concibir na súa mente a idea dun ser perfectamente grande (Deus). É dicir, poden pensar nun ser que non ten igual, pero só como unha idea na súa mente.
- Con todo, **a existencia real é unha perfección engadida á idea de algo**. É dicir, un ser real é superior a un só presente na imaxinación. Da mesma maneira que non se pode concibir a un triángulo sen tres lados, é imposible concibir a Deus como non existente. **Se Deus é o ser máis perfecto → a súa existencia debe ser real = Deus existe.**




# René Descartes. Existencia de Deus.

- Deus, xa demostrada a súa existencia é o **garante da veracidade** entre **a correspondencia entre as ideas e o exterior** (xa que o mundo foi creado tamén por él).
- Este é un dos puntos críticos do chamado **solipsismo** (consideración de que o único existente con certeza e a mente / conciencia) cartesiano, que **sen Deus é imposible de superar**.
- É dicir, sen Deus, non pode demostrar o mundo exterior e -consecuentemente- a correspondencia entre ideas e obxectos exteriores.



# René Descartes. Existencia de Deus.



- **Immanuel Kant** criticou o argumento de Descartes (do mesmo xeito que o de Anselmo) afirmando que **a existencia non é unha propiedade ou perfección**. Para Kant, simplemente pensar en algo como “perfecto” non implica que exista. Segundo Kant, o argumento ontolóxico comete o erro de tratar a existencia como unha propiedade engadida a un concepto.



# René Descartes. Existencia do mundo e os obxectos.

- Descartes xa demostrou que:
  - “Eu existo” (*cogito ergo sum*) ✓
  - “Deus existe” ✓
- Agora tócalle **demostrar que o mundo exterior existe**, pero como? ✗

# René Descartes. Existencia do mundo e os obxectos.

- Descartes é consciente que **a súa existencia como ser pensante, non proba a existencia do seu propio corpo** (nin falar de outros corpos).
- Descartes afirma que:
  - Percibe certas facultades, como o **poder cambiar de posición e o movemento**, o que, na súa opinión **implica unha substancia corpórea e extensa: o corpo.** 
  - Ademais, afirma que **o seu entendemento recibe impresións** (ideas sensibles) das que **sinte inevitablemente que proveñen de obxectos corpóreos.** Como **Deus non é enganador**, débese admitir que os obxectos corpóreos existen. 

“Por outra banda, na medida na que **recibo impresións**, ás veces en contra da miña vontade, estou **inevitablemente inclinado a crer que veñen a mí desde corpos distintos ao meu.** E posto que **Deus, que non é enganador**, deume una grandísima inclinación a crer que aquelas (impresións), me son transmitidas por obxectos corpóreos, non vexo como se lle podería defender da acusación de engano, si aquelas ideas foran producidas por causas que non fosen obxectos corpóreos. En consecuencia, **temos que admitir que existen obxectos corpóreos**”

(*Meditacións metafísicas*, Meditación VI, René Descartes)

# René Descartes. Substancias, atributos e modos.

- Para Descartes a **substancia** é unha “cosa existente que non require máis que de sí mesma para existir”.
- Sin embargo, tomando isto literalmente, a única substancia sería Deus.




“A decir verdade, **nada excepto Deus responde a esa descripción**, como o ser que é absolutamente auto - subsistente; porque percibimos que non hai cousa creada que poida ser sustentada sen o seu poder”.

*(Principios da filosofía, René Descartes)*

# René Descartes. Substancias, atributos e modos.

**Pero qué existan os obxectos exteriores tamén demostra que as nosas percepcións deles polos sentidos son verdadeiras?**



# René Descartes. Substancias, atributos e modos.

- “Tomemos, por exemplo, este anaco de cera que acaba de ser sacado da colmea, aínda non perdera a **dozura** da mel que contiña, aínda conserva algo do **cheiro** das flores das que foi recollido; súa **cor**, súa **figura**, seu **tamaño son visibles**; é **duro**, é **frío**, o tocamos e, se batemos nel, producirá algún **son**. En fin atópanse nel todas as cousas que poden facer coñecer distintamente a un corpo.
- Pero acho aquí, que mentres falo, **o aproximamos ao lume: o que restaba do sabor se exhala, o cheiro se desvanece, súa cor cambia, súa figura se perde, seu tamaño aumenta, se fai líquido, se quenta, apenas se pode tocar, e aínda que o golpeemos, xa non dará son algún. Permanece a mesma cera tras ese cambio? Hai que confesar que permanece e ninguén o pode negar. Que é entón o que coñecíamos dese anaco de cera con tanta distinción? Certamente, non pode ser nada do que advertimos por medio dos sentidos, pois todas as cousas que percibían o gusto, o olfacto, ou a vista, ou o tacto ou o oído, cambiaron e, sen embargo, a mesma cera permanece. [...] **Certamente, non permanece nada máis que algo extenso, flexible e mudable**. [...] E agora, que é esa extensión?, non será tamén descoñecida, pois aumenta na cera que se derrete, e se fai aínda maior cando está enteiramente fundida e aínda maior cando a calor aumenta máis?”**



(*Meditacións metafísicas*, Meditación segunda, René Descartes)

# René Descartes. Substancias, atributos e modos.

- Descartes chega a conclusión que as calidades dos obxectos do mundo captados polos sentidos (cheiro, son, cor, sabor, etc.) non son confiáveis e lle chamará *calidades secundarias*.
- As que sí son confiáveis son aquelas matematizables (extensión, figura e movemento) que son as *calidades primarias*

# René Descartes. Substancias, atributos e modos.

- Descartes distingue no universo tres substancias.
- Sin embargo, o que **percibimos non son as substancias**, senón os seus **atributos**.
- **Non todos os atributos son iguais**, hai un que **constitúe a natureza/esencia da substancia**.
- Este **atributo principal** se determina preguntando que é o que percibimos clara e distintamente como atributo imprescindible da substancia (tamén chamada cousa), de tal xeito **que o resto de atributos (modos), propiedades ou características se presuponen del ou dependen del**. É dicir, dúbida se presupón do atributo de pensar e depende de pensar para poder existir.




# René Descartes. Substancias, atributos e modos.

- Os modos son as maneiras nas que se presenta esa substancia. Deus é inmutable e eterno, polo que non posúe modos.
- Afirma que o atributo principal da substancia corpórea é a **extensión xa que non se pode concibir a figura ou unha acción sen extensión, pero sí ao revés.**

Substancia	Atributo	Modos
Substancia <i>espiritual / pensante</i> ( <i>res cogitans</i> )	Pensar	Pensar (en algo), imaxinar, dubidar, xulgar, etc.
Substancia corpórea / extensa ( <i>res extensa</i> )	Extensión (lonxitude, anchura, profundidade)	Figura, tamaño, movemento, acción..
Substancia <i>infinita</i> (Deus)	<i>Infinitude ou perfección infinita</i>	

“Así, a **extensión** en lonxitude, anchura e profundidade, constitúe a natureza da **substancia corpórea**”  
(*Principios da filosofía*, René Descartes)

# René Descartes. Substancias, atributos e modos.



# René Descartes. Substancias, atributos e modos.

- Esta idea de substancia será criticada por diferentes filósofos como:
  - **Spinoza**, o cal afirmará que **só** existe unha substancia: Deus.
  - **Gassendi** na súa obra *Quintas Obxeccións* (Descartes, cando publicou a súa obra *Meditacións Metafísicas*, pediu a outros filósofos e teólogos que o criticaran, sendo a de Gassendi a quinta) *as Mediacións Metafísicas* afirmou **que aínda que exista un pensamento, non quere dicir que exista unha substancia pensante detrás**. Isto será clave en Hume e a súa crítica posterior ao *eu*.



Baruch Spinoza



Pierre Gassendi

# René Descartes. Substancias, atributos e modos.

- Os **empiristas**
  - **David Hume rexeita a idea dun *eu substancial*** (é dicir da *res cogitans* cartesiana). Considera que o *eu* non é máis que un feixe de sensacións en fluxo constante.
  - **John Locke rexeita as ideas innatas** e considera a mente humana como una táboa en branco (*tabula rasa*). Todas as ideas veñen da experiencia.



David Hume



John Locke

# René Descartes



**Texto nº 3**